

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE XUÑO DE 2015.

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro.

**Non asiste:**

D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup>. Abad López

**Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte seis de xuño de dous mil quince baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### 1º. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE ESPAZOS COMÚNS DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno da documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia relativa ao Convenio a subscribir entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de espazos comúns de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia que ben a substituir ao formalizado no seu día e publicado no BOE do 5 de xullo de 2007 cuxa vixencia remata o vindeiro 4 de xullo de 2015.

Enterada a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda no uso das competencias delegadas polo acordo plenario de data 18 de xuño de 2015:

**PRIMEIRO:** Solicitar a adhesión ao Convenio a subscribir entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de espazos comúns de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia na Categoría de OFICINA DE CONTACTO ( Prestación de Servizos de nivel primario consistentes en recepción, rexistro e remisión de comunicacións do cidadán ).

**SEGUNDO.-** Facultar expresamente ao Sr. Alcalde Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa para a adopción dos acordos e formalización e sinatura dos documentos necesarios ( entre eles o Protocolo de Adhesión que figura como Anexo ao Convenio ) para a execución do presente acordo.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo.

